

Queixa 001/2014

Presentada por un alumno/a

Data: 19-04-2014

1. Queremos mostrar unha queixa polo peche dos aseos dende xa fai meses, aos que so se pode acceder pedindo a chave dos mesmos ao profesor que se atope na aula (E iso no caso de que teñas a sorte de que o profesor teña a chave, que non todos a teñen. Ou de que non che responda cun "ai non non, na miña clase non vai ninguén ao servicio" co cal corres o risco de que tras aguantar máis de 50 minutos che revente a vixiga urinaria antes de chegar ao servicio).

Ademais disto, supoñemos que os aseos da planta baixa deberían de ser abertos polo profesor de garda durante os recreos, medida que non se está a cumprir en moitos dos mesmos. Por outra banda, a non presenza dun profesor ou "delegado" da biblioteca de xeito permanente na mesma, fai que o alumnado que ali se atopa non dispoña de chave para acceder aos aseos en algunhas ocasións. Haber que facemos se é unha emerxencia! E de que moitos dos alumnos non garden a compostura que merece un lugar de estudio.

2. Dende fai días observanse no instituto carteis que invitan aos alumnos a tirar o lixo nas papeleiras, pero se nos fixamos resulta que as poucas papeleiras existentes nada máis sair pola porta do alumnado xa non están (e se xa dentro do centro hai que buscar para atopalas, fóra xa non digamos) E non estamos xustificando o tema de tirar o lixo polo chan.

3. Fai uns meses reuniuse á xunta de delegados e máis ao equipo directivo para informar do papel do delegado e demáis, e dixose que ia a haber máis reunións dese tipo, cousa que ata o momento non volveu suceder, e nas cales habería que tratar este tipo de temas, ao meu parecer.

Sen máis estas son as queixas colectivas que se escoitan a voces entre o alumnado e que me remito a trasladar para a mellor convivencia de todo o mundo. Un cordial saúdo.

RESPOSTAS

1.- A decisión de pechar os baños das plantas primeira e segunda tomouna o Claustro e Consello Escolar, a proposta do Equipo Directivo, tras varias protestas de profesorado, persoal de limpeza e incluso alumnado polo mal uso que se estaba dando a estes espazos: eran demasiado frecuentes os paseos ó baño, aglomeracións nos mesmos en cambios de clase e estragos importantes (en pouco tempo producíronse dúas inundacións provocadas por atascos claramente intencionados). Entendemos perfectamente que é unha medida drástica, que sofre todo o alumnado por culpa duns poucos.

Algunhas das situacións que se describen non deberían darse, principalmente as orixinadas polo feito de que algún profesor/a non teña chave, xa que se entregaron a todo o profesorado.

Por outro lado, que algún profesor/a non deixe ir ó baño, non ten nada que ver con que estea pechado ou non. O alumnado sempre ten que pedir permiso para ir ó baño e correspóndelle o profesor/a conceder ou non ese permiso. Está é unha norma elemental que se se cumprira sempre non sería preciso chegar a esta situación.

En relación á situación que se describe na biblioteca, é certo que en moitas ocasións non hai profesor de garda, pero non é menos certo que durante as clases son moi poucos os alumnos e alumnas que teñen posibilidade de ir á biblioteca, (tan só os de 2º de bacharelato matriculados en materias soltas). En todos os demais casos, ir á biblioteca implica faltar a clase, situación que non debe darse. Incluso cando falta o profesor/a, o alumnado debe esperar a chegada do profesor/a de garda. Polo tanto, non se entende que haxa tanto problema con ir ó baño nos tempos de permanencia na biblioteca, xa que estes deberían afectar a moi pouco alumnado cando non hai profesor/a de garda na mesma.

Finalmente, queremos deixar claro que esta non é unha medida definitiva, estamos dispostos a ver outras alternativas ou mesmo suprimila se vemos que causa máis problemas que beneficios, polo de agora é pouco o tempo en vigor para facer unha valoración.

2.- É certo que se quitaron as papeleiras exteriores colocadas á entrada do instituto, xa que estaban moi deterioradas. Compráronse outras e fíxose a base para as mesmas pero están sen colocar. Esperamos non tardar moito en colocalas; no peor dos casos estarán no seu sitio para o curso próximo.

De todos os xeitos, só faltan papeleiras na entrada do instituto e temos papeis no chan por todo o patio, pistas deportivas e interior. Polo tanto, os carteis invitando a non tirar papeis ó chan non sobran.

3.- Houbo dúas reunións da xunta de delgados e delegadas e antes de final de curso está previsto facer outra. Queremos que a xunta de delegados e delegadas se reúna con frecuencia porque pensamos que pode facer aportacións ó funcionamento do instituto. Se non fora así non convocariamos a primeira reunión, pero sabemos que temos que mellorar neste sentido.

Esperamos que isto dea resposta ás queixas, que sempre agradecemos e temos en conta.